



## **NOVIDADES**

**24/04/2014**

- **Publicación da relación definitiva de aspirantes excluídos, así como da orde de prelación e puntuación definitiva dos aspirantes admitidos na primeira actualización de listas acollida á resolución do 12 de setembro de 2013 (*DOG de 23 de setembro*), e relativa ás categorías de enfermeiro/a e de enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecoloxía.**

Por Resolución do 12 de setembro de 2013 (*DOG do 23 de setembro*) regúlanse as bases do procedemento de actualización das listas de aspirantes a vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e Entidades adscritas á Consellería de Sanidade, e así mesmo, acórdase o inicio do primeiro procedemento de actualización de listas, respecto daquelas solicitudes de inscrición validadas á data de 15/10/2013 para determinadas categorías estatutarias sanitarias e de xestión e servizos.

Por tanto, e en cumprimento do establecido na disposición novena da devandita resolución, procédese á publicación da relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con asignación aos primeiros da puntuación e orde de prelación definitiva alcanzada, respecto das listas das categorías estatutarias de enfermeiro/a e de enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecoloxía. Lémbrese así mesmo, e tal como determina a mesma disposición novena, que coa presente resolución procédese á estimación ou desestimación das reclamacións interpostas contra as listas provisionais aprobadas por resolución do 16 de xaneiro de 2014 (*DOG do 30 de xaneiro*).

As referidas listas entrarán en vigor con efectos do 29 de abril de 2014, resultando de aplicación aos chamamentos que se efectúen a partir de dita data as normas de xestión contidas no Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal aprobado por Resolución do 26 de abril de 2011 (*DOG nº 89 do 9 de maio*).

Se non está de acordo coa causa ou causas de exclusión aplicada/s (da lista Xeral ou da lista de Promoción Profesional Temporal), ou de ser o caso, de haber desconformidade coa puntuación e/ou orde de prelación obtidas, poderá interpoñer o/os recursos administrativos e/ou xudiciais previstos na resolución que anuncia a publicación oficial de ditas listas.

As novas solicitudes presentadas tras a data do 15/10/2013, así como as daqueles aspirantes que xa figuren na lista vixente e confirmasen cambios na nova solicitude con posterioridade á referida data, non figurarán nestas listas. Por tanto, a resolución da súa solicitude sairá na seguinte xeración que se formalice.

Na nosa páxina web, seguindo a ruta *EMPREGO PÚBLICO>LISTAXES DE CONTRATACIÓN>Novo Pacto sobre selección temporal*, pode consultar, por cada ámbito, as listas completas.

Calquera consulta poderá dirixila aos Centros de Xestión do Servizo Galego de Saúde ([http://www.sergas.es/docs/profesional/nuevo%20DIRECTORIO%20UNIDADES%20DE%20VALIDACION%20\(03%2010%2012\).pdf](http://www.sergas.es/docs/profesional/nuevo%20DIRECTORIO%20UNIDADES%20DE%20VALIDACION%20(03%2010%2012).pdf)) ou formular a súa pregunta ao "buzón novopacto": [novopacto@sergas.es](mailto:novopacto@sergas.es).

